

3. A RESTAURACIÓN DE FERNANDO VII E DO ABSOLUTISMO (as etapas do reinado).

a) O SEXENIO ABSOLUTISTA.

Tras o Tratado de Valençay (decembro de 1813), Fernando regresa a España, mais non acepta o Tratado nin as reformas lexislativas de Cádiz. Cando desembarca en Valencia, en abril de 1814, ten lugar a publicación do Manifesto dos Persas, asinado por 69 deputados absolutistas. O 4 de maio o rei fará público o decreto de Valencia, que supuxo un golpe de Estado, pois cambiou a dirección política do país mediante un acto de forza, ao restaurar o poder absoluto do monarca e aboliu toda a lexislación das Cortes de Cádiz “*coma se non pasasen xamais tales actos*”. Os liberais foron duramente reprimidos, encarcerados, desterrados ou condenados a morte, e moitos víronse na obriga de exiliarse, fuxindo a Francia ou ao Reino Unido.

España viuse cunha Facenda real na ruína intentando facerlle fronte a unha guerra aberta pola independencia nas colonias americanas, situación agravada pola gran inestabilidade que provocou o rei ao facer continuos e caprichosos cambios no goberno (cada ministro permanecía unha media de 6 meses no cargo) e mais porque a política estivo marcada pola camarilla, grupo de amigos do rei, quen se deixaba influír por eles. Ao mal goberno hai que sumar a quebra da Facenda, que obrigou a Fernando VII a adoptar medidas fiscais liberais. Martín de Garay (Ministro de Facenda) intentou remediar a situación en 1817 establecendo un sistema fiscal de contribución única e proporcional aos ingresos, pero non puido levar a cabo o proxecto pola oposición da nobreza e das ordes militares.

Os liberais, pese á represión, seguiron intentando implantar o liberalismo e, ao non poder seguir unha vía política para conseguir o poder, optaron pola vía armada: foron os **pronunciamentos**, que comezaron xa no 1814, ao pouco do regreso de Fernando VII, e caracterizarán todo o século XIX español. Ao careceren de apoio popular, os liberais necesitaron do apoio dos militares, que serán os líderes dos pronunciamentos: Espoz y Mina (1814), Díaz Porlier (1815), Richart (1816), Lacy (1817)... mais dirixían todos eles faccións minoritarias do exército e fracasaron ata 1820, data na que o tenente coronel Riego sublevou en Las Cabezas de San Juan (Sevilla) o exército alí acantado en espera de embarcar rumbo a América para reprimir a insurrección. O 7 de marzo de 1820 Fernando VII viuse obrigado a xurar a Constitución de 1812, comezando así o Trienio Liberal.

b) O TRIENIO LIBERAL (ou CONSTITUCIONAL).

Tras o xuramento de Fernando VII da Constitución de 1812, formouse un goberno integrado por liberais, que recuperou moitos dos decretos das Cortes de Cádiz. O primeiro goberno liberal estivo formado por ilustres exiliados, como Agustín Argüelles (ministro da Gobernación) ou José Canga (de Facenda). Estableceuse un sistema de liberdades políticas, no que destacan as seguintes medidas: liberdade dos presos políticos; supresión definitiva da Inquisición; restauración das autoridades constitucionais en concellos e deputacións; eleccións a Cortes; e a creación da Milicia Nacional, corpo de voluntarios para a defensa do sistema constitucional, que se converterá nun dos símbolos do liberalismo do XIX.

Estas reformas políticas e económicas foron difundidas mediante dous vehículos de expresión: a **prensa**, instrumento da pluralidade ideolóxica e da liberdade de expresión, publicándose máis de 700 cabeceiras neses anos; e as **sociedades patrióticas**, clubs abertos nos que se debatían temas de actualidade política e social, moi vinculadas ás sociedades secretas (masóns, carbonarios, comuneiros) que empezaron a ter importancia en 1814 por participar nas conspiracións liberais.

A política liberal topou con dous grandes atrancos: a situación internacional (pois en Europa predominaban as monarquías absolutas) e as repetidas conspiracións do monarca para rematar co liberalismo.

Ao mesmo tempo, xurdía unha división dentro dos liberais, que daría lugar a un dobre poder: por un lado, o goberno, baseado nun liberalismo institucional; polo outro, as xuntas, que representaban un liberalismo de base popular. Isto dividiu o liberalismo en dúas tendencias, que marcaron gran parte do século XIX:

- **MODERADOS**, que desexaban un compromiso coas antigas clases dominantes e co rei para que aceptasen as reformas. Defendían un Senado aristocrático, maior poder real e control da prensa.
- **EXALTADOS**, desexosos de volver á Constitución de 1812, que propoñían reformas radicais baseadas nun liberalismo “popular”, que en ocasións chegou a ser republicano.

Os problemas entre moderados e exaltados prolongáronse ao longo do trienio, aínda que os moderados mantiveron o poder durante case todo o período. No verán de 1820 o goberno moderado intentou disolver o “Exército da Illa” (o que se sublevara en Las Cabezas de San Juan), pero o exaltados non aceptaron. Tamén se negaron á supresión das sociedades patrióticas, ás que o

Historia de España . 2º Bacharelato. Século XIX

gobierno vía como unha ameaza. Así mesmo, boicotearon o intento dos moderados de reformar en sentido conservador a Constitución de 1812 coa introdución do sufraxio censatario e a creación dunha segunda cámara.

De entre as medidas dos gobernos moderados destacou a lei de supresión de ordes monacais e reforma de regulares. A presión dos exaltados obrigou ao goberno a suprimir os conventos. Houbo máis reformas, dirixidas a dinamizar a economía, sanear a Facenda e eliminar o freo que para a prosperidade supoñían as institucións do Antigo Réxime: abolición dos gremios, desamortización dos bens da Igrexa e supresión das vinculacións e morgados da nobreza.

A conspiración dos exaltados, as intrigas do rei e a acción da guerrilla realista mantiveron os gobernos moderados nunha crise constante. As guerrillas realistas levantáronse contra o goberno a comezos de 1821 e foron moi importantes en Ára, Navarra, Cataluña, Aragón e algunhas zonas de Castela. Os realistas conseguiron explotar o odio do clero e do campesiñado ás reformas liberais, especialmente nas provincias vascas e Navarra, onde os liberais pretendían anular os vellos foros. A todo isto debemos sumar a guerra de independencia nas colonias, as manobras internacionais da Santa Alianza e a permanente crise económica.

A oportunidade dos exaltados de ocupar o poder veulles tras o intento de Golpe de Estado da Garda Real (6-7/7/1822), fomentado polo rei e o seu ámbito, que foi freado pola Milicia Nacional e o Concello de Madrid (á fronte do que estaba o rexedor e capitán, Pablo Iglesias).

A presión internacional aumentou, e a Santa Alianza decidiu intervir. Encargóuselle a Francia o envío dun exército, os Cen Mil Fillos de San Luís, que invadiu España en abril de 1823 e que ocupou o país co apoio de tropas realistas españolas, atopando escasa resistencia. O goberno e as Cortes marcharon a Cádiz fuxindo do exército francés, onde resistiron ata setembro. Como Fernando VII se negou a marchar con eles, foi declarado mentalmente incapacitado polas Cortes, mais o 1 de outubro o rei restaura o poder absoluto e ordena perseguir os liberais.

c) A DÉCADA OMINOSA.

É a última etapa do reinado de Fernando VII, nomeada deste xeito pola historiografía liberal (significa “abominable”) e caracterizouse por unha acentuada represión política, que comezou coa orde de executar ao xeneral Riego e xuízos de purificación do exército, aínda que a presión da Santa Alianza intentou suavizar a dureza inicial do rei español. Moitos liberais víronse obrigados a abandonar España (entre 15000 e 20000 persoas), entre eles o máis selecto da clase media ilustrada e liberal (o conde de Toreno, Martínez de la Rosa, Mendizábal, o duque de Rivas,...), rumbo ao Reino Unido, mais moitos trasladáronse a Francia tras a revolución de 1830. Os exiliados seguirán conspirando para derrocar a Fernando VII.

Os que non puideron fuxir foron perseguidos, encarcerados ou executados, como Riego, Pablo Iglesias, Mariana Pineda ou o xeneral Torrijos. A maioría dos detidos procedían de Cataluña, Valencia, Murcia, Aragón, Sevilla, Cádiz e Madrid.

Os instrumentos do aparello represivo absolutista eran basicamente catro:

- A Superintendencia Xeral de Policía e das comisións militares (creada en 1824), ocupada da depuración de funcionarios, sendo máis de 80000 os depurados, civís e do clero, moitos dos cales deberon exiliarse.

- O corpo de voluntarios realistas (1823), recrutados entre as clases populares e medias, que chegaron a ser 284000, unidos polo odio social aos ricos, que identificaban cos liberais.

- Os tribunais de xustiza, que condenaban por delitos como dicir “*Viva a liberdade!*” ou posuír símbolos liberais. Un exemplo é o caso de Mariana Pineda, executada por encargar o bordado das palabras “*Liberdade, Igualdade, Lei*” nunha bandeira española.

- As Xuntas da Fe, herdeiras da Inquisición, que actuaron nalgúns dioceses, como Valencia ou Orihuela. A última vítima foi executada en 1826.

Á parte da represión, o labor dos gobernos absolutistas centráronse na reforma da Facenda e da administración, pois o propio rei era consciente de que debía modernizarse o país e algunhas medidas do Trienio Liberal conserváronse, como a supresión da Inquisición (agora chamada Xuntas de Fe) ou do Consello de Estado. Para conseguir dita modernización levou a cabo un despotismo anacrónico.

A perda das colonias agravou aínda máis a crise da Facenda e Fernando VII viuse obrigado a solicitar novos empréstimos para cancelar a débeda anterior ou pagar os gastos. López Ballesteros, ministro de Facenda, realizou unha reforma fiscal, para o que puxo en marcha varias medidas: un fracasado intento en 1824 de recuperar vellos impostos; o deseño dos primeiros orzamentos da Historia de España (1828-1829); a creación da Real Caixa de Amortización e do Tribunal de Contas;

Historia de España . 2º Bacharelato. Século XIX

a redución da débeda pública (a cuarta parte do orzamento destinábase a pagar os xuros); e o plan da minaría, mediante o alugamento a compañías estranxeiras.

Tamén se levaron a cabo grandes cambios na administración do Estado: creación do Consello de Ministros (1823); promulgación do Código de Comercio (1829); creación do Banco de San Fernando (1829), antecedente do Banco de España; fundación da Bolsa de Comercio en Madrid (1831); e creación do Ministerio de Fomento (1832).

Os últimos anos do reinado de Fernando VII estiveron marcados polas insurreccións dos absolutistas, descontentos coas reformas do rei, que apoiaron a Carlos María Isidro, irmán do rei, e reclamaban para el a sucesión ao trono. Entre estas revoltas destaca a “*guerra dos agraviados*” ou “*malcontents*”, que tivo lugar en Cataluña en 1827, e foi reprimida con dureza.

Para asegurar a sucesión ao trono, dado que non tiña fillos varóns, publicou en abril de 1830 a Pragmática Sanción, que derogaba a Lei Sálica, o que permitía reinar ás mulleres. En outubro dese ano nacía a futura Isabel II, abríndose así a denominada cuestión sucesoria e a aparición do carlismo, facción do absolutismo que apoiaba a Carlos María Isidro.

Houbo varios intentos de que o rei declarase herdeiro ao seu irmán, destacando os sucesos de La Granja, pero fracasaron, e en maio de 1833 Carlos e a súa familia marcharon a Portugal nun exilio encuberto, mentres o rei publicaba dúas amnistías que permitían o regreso dos exiliados liberais. En setembro de 1833, morre Fernando VII e a súa filla, Isabel II é declarada raíña con dous anos de idade.